

Obxectivos

Â ALGA Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada

Â

Os nosos obxectivos:

ALGA é unha comunidade composta fundamentalmente por antropólogosÂ eÂ persoas interesadas na Antropoloxía, pero tamén integrada porÂ especialistas doutras disciplinas que comparten os mesmos principiosÂ queÂ ALGAÂ recolle nos seus Estatutos:Â Â

1.- Â Â cooperación internacional nos ámbitos da investigación científica e da formación.

2.-Â A crenza de que o coñecemento científico debe ser un coñecemento aberto sen barreiras aÂ disposición de todos os cidadáns do mundo.

3.-Â O compromiso ético dunha CienciaÂ ao servizo da Paz e doÂ desenvolvemento sostible dos países.Â

4.-Â A aposta por un saber científico aplicado, especialmente orientado a determinar as causasÂ dos conflitos e dos problemas aos que se enfrenta a Humanidade, entendendo que este saberÂ aplicado debe ser unha contribución á procura de solucións a tales problemas que impidenÂ un desenvolvemento humano integral.Â

5.-Â O respecto e a defensa da diversidade cultural, entendendo que esta é o maior patrimonio daÂ especie humana, en perigo polo empobrecemento cultural que supoñen algúns aspectos negativosÂ da globalización.Â

6.-Â A defensa da tolerancia e do diálogo social e a busca do coñecemento do 'outro' como o camiñoÂ máis seguro para acadar o respecto entre os grupos humanos.